



CONCELLO DE TABOADELA

BASES DO CAMPAMENTO DE VERÁN 2024

ARTIGO 1.- CONTIDO:

O Concello de Taboadela organiza o “Campamento de Verán 2024” coa finalidade de proporcionar actividades de carácter educativo e lúdico e facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal ao longo das vacacións de verán de xullo e agosto.

ARTIGO 2.- XUSTIFICACIÓN:

Creemos necesario dinamizar o concello con actividades infantís no periodo das vacacións escolares. Nese periodo, moitas familias teñen grandes dificultades para conciliar a vida laboral e familiar, precisando algún tipo de atención para os seus fillos e fillas. Admáis queren que poidan divertirse, aprender a relacionarse cos demais, compartan actividades, gañen en autonomía e sobre todo vivan novas e enriquecedoras experiencias. Por eso consideramos necesario dende o Concello organizar un campamento de Verán para os nenos e nenas do concello. Para desenvolver as diferentes actividades contratase como sempre a monitores/as especializados/as.

ARTIGO 3.- NÚMERO DE PRAZAS E QUENDAS:

O número de prazas que conta o “Campamento de Verán 2024” será de **48 prazas por quenda**. Será preciso un número mínimo de 10 nenos/as por quincena para que se desenvolva o campamento.

As prazas asignaranse por orde de inscrición tendo en conta os requisitos e prioridades descritos no apartado 4 das presentes bases.

3.1.- QUENDAS

1º quincena de xullo (1 a 12 de xullo)

2º quincena de xullo (15 a 31 de xullo, agás o día 25 por ser festivo autonómico)

1º quincena de agosto (1 a 16 de agosto, agás o día 15 por ser festivo)

2º quincena de agosto (19 a 30 de agosto)





CONCELLO DE TABOADELA

ARTIGO 4.- PERSOAS DESTINATARIAS:

4.1.-**Requisitos.** Poderán solicitar a súa participación no “Campamento de Verán 2024” os nenos e nenas entre **4 e 16 anos de idade.**

Entre aqueles participantes que cumpran os requisitos citados, terán ademais **PRIORIDADE** aqueles nos que se de algunha das seguintes circunstancias (que deberán estar formalmente acreditadas):

- Empadroados no Concello de Taboadela
- Familia monoparental
- Familia numerosa
- Víctima de violencia de xénero en calquera das súas formas
- Mulleres en situación de desemprego de longa duración
- Mulleres maiores de 45 anos
- Familias nas que existan outras cargas relacionadas cos coidados
- Familias con **rendas inferiores a 3 veces o IPREM.** (unidade familiar cuns ingresos anuais inferiores aos 21.600 euros).

De quedaren prazas valeiras valorarase a posibilidade de permitir a entrada a solicitantes que non cumpran os requisitos establecidos en función da capacidade do Concello de Taboadela e a organización e funcionamento do campamento.

4.2.- As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria sempre que teñan capacidade de integración nun grupo e que as súas necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver, o que deberá ser acreditado mediante informe médico, educativo ou social.





CONCELLO DE TABOADELA

ARTIGO 5.- OBXETIVOS E ACTIVIDADES DO CAMPAMENTO:

5.1.- O obxectivo principal é facilitar a conciliación das familias no periodo vacacional e que os nenos poidan divertirse. Ademais pretendemos conseguir estes obxetivos:

- Vivir en cooperación
- Socializarse e integrarse
- Mellorar a comunicación
- Expresarse
- Traballar en grupo
- Crear e participar.

5.2.-ACTIVIDADES QUE SE REALIZARÁN NO CAMPAMENTO

- Talleres e xogos diversos.
- Actividades medioambientais
- Cociña creativa
- Manualidades
- Actividades multideporte
- Actividades acuáticas
- Gymkanas de competición
- 1 saída en cada quenda
- Saída ata a piscina de Taboadela
- Festa e merenda fin de campamento

ARTIGO 6.- LUGAR DE CELEBRACIÓN E HORARIO

O campamento desenvolverase de luns a venres en horario de 09:00 a 14:00horas no Pavillón de deportes de Taboadela e demais enclaves do concello.

Realizaranse **saídas** en cada quincena que serán comunicadas as familias ao inicio do campamento. As familias **asumirán os custe das entradas de ser o caso**. Aquelas familias que non desexan participar non terán alternativa ese día.





CONCELLO DE TABOADELA

ARTIGO 7.-SOLICITUDES

A solicitude para os beneficiarios formalizarase no formulario normalizado que figura como “Solicitude Campamento Verán”, e que estará dispoñible nas dependencias do concello de Taboadela e na web do concello de Taboadela, www.concellodetaboadela.com, e serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Taboadela, de luns a venres en horario de 09:00 horas a 14:00 horas, e luns pola tarde de 16:00-20:00 horas.

ARTIGO 8.- DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA NECESARIA PARA A TRAMITACIÓN DA SOLICITUDE

8.1.- As persoas interesadas deberán achegar a seguinte documentación:

- Solicitude de inscrición asinada obrigatoriamente polo pai/titor e pola nai/titora.
- Fotocopia do DNI da persoa menor ou, no seu defecto, fotocopia do Libro de Familia .
- Fotocopia do DNI dos proxenitores ou dos TITORES que asinan a solicitude.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa participante.
- Certificado médico no caso necesario.
- Información sobre protección de datos.
- De ser o caso, haberá que presentar a seguinte documentación xustificativa de diferentes circunstancias a ter en conta:
 - o Documentación xustificativa de **familia monoparental**.
 - o Documentación xustificativa de **familia numerosa**
 - o Documentación xustificativa de **situación de vítima de violencia de xénero**
 - o Documentación xustificativa de **ser muller en situación de desemprego de longa duración**
 - o Documentación xustificativa de **ser muller maior de 45 anos**.
 - o Documentación xustificativa de que existen **outras cargas relacionadas cos coidados no núcleo familiar**.
 - o **Certificado acreditativo do grao de discapacidade e copia do ditame técnico facultativo, emitido polo equipo de valoración e orientación correspondente**.
 - o Documentación xustificativa de **ter ingresos familiares inferiores a 3 veces o IPREM (unidade familiar cuns ingresos anuais inferiores aos 21600 euros)**

8.2.-As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que





CONCELLO DE TABOADELA

presenten.

ARTIGO 9.-PRAZOS

O prazo para presentar as solicitudes comezará o día 21 de maio e rematará o día 31 de maio de 2024, ámbolos dous incluídos.

Fora de prazo aceptaranse solicitudes de novo ingreso no servizo cando existan circunstancias sociofamiliares especiais, debidamente xustificadas e haxa prazas.

Listado provisional de admitidos/as: publicarase o día 7 de xuño de 2024. (Non aparecerá relación de datos persoais, cada solicitude identificarase/ figurará co número de rexistro de entrada de dita solicitude).

Listado definitivo de admitidos e admitidas publicarase na páxina web do Concello de Taboadela o día 14 de xuño e no taboleiro de anuncios do Concello.

Os/as solicitantes non admitidos pasarán a formar parte dunha **listaxe de agarda**.

En función das baixas que se produzan na actividade, os nenos/as accederán ao campamento seguindo a orde na que figure na listaxe, o que será debidamente notificado por teléfono e/ou correo electrónico.

ARTIGO 10.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE PRAZAS

Unha vez rematado o prazo de presentación de inscrición, adxudicaranse as prazas por orde de rexistro, tendo en conta os requisitos e prioridades descritos no apartado 4 das presentes bases. No caso de que o número de solicitudes sexa superior o de prazas ofertadas, terán **preferencia os/as nenos/as empadroados/as no Concello de Taboadela**, así como os/as nenos/as que teñan 1 pai/nai/tutor/a empadroados/a no Concello de Taboadela cunha antigüidade de 6 meses. Tamén terán preferencia as solicitudes múltiples (dous ou máis irmáns) sobre as individuais.

Os/as solicitantes non admitidos pasarán a formar parte da **listaxe de AGARDA**.

As solicitudes fóra de prazo indicado estarán suxeitas á existencia de prazas libres.





ARTIGO 11.- PREZO

O custo da praza por solicitante é de **25 euros por neno/a e quenda**.

TARIFA BONIFICADA

Bonificación: As familias numerosas e monoparentais empadroadas no concello terán dereito a unha gratuidade no terceiro irmán.

Exención: Gozarán da exención deste prezo público os menores que no seu caso sexan derivados polo Departamento de Servizos Sociais do Concello.

ARTIGO 12.- PAGAMENTO

Os admitidos deberán realizar o pago das taxas dende o **14 de xuño ao 21 de xuño** e entregar o xustificante de pago no concello.

No caso de non abonarse o importe no prazo sinalado entenderase como unha renuncia e a lista correrá segundo a orde que resulte da entrada por rexistro.

O pago é requisito imprescindible para poder asistir ao campamento e debe realizarse na seguinte **conta do Concello: ES02 2080/5258/6431/1013/0567**, mediante ingreso ou transferencia, **indicando en concepto: "Campamento de Verán" e o nome e apelidos do MENOR ADMITIDO.** (PRAZO 21 DE XUÑO)

ARTIGO 13.- RENUNCIA DE PRAZA

As persoas solicitantes que, tras obter praza desexen renunciar a ela ANTES DE COMEZAR O CAMPAMENTO, deberán comunicalo por teléfono ao 988439315 ou por correo electrónico ao seguinte enderezo electrónico concello.taboadela@eidolocal.es antes do día 1 de xullo.

ARTIGO 14.- REVOGACIÓN DO SERVIZO

Perderase a condición de beneficiario/a:

- a) Por falta de pago.
- b) Por renuncia do beneficiario/a.
- c) Por incumprimento das normas que establece o servizo.

ARTIGO 15.DEVOLUCIÓN DO IMPORTE

Unha vez realizada a inscrición e o correspondente abono para participar na actividade, só se





CONCELLO DE TABOADELA

procederá a devolución do importe ingresado, si se xustifica **con anterioridade ao inicio do campamento (mínimo 48 horas antes)** e **MEDIANTE CERTIFICADO MÉDICO**, que acredite a imposibilidade de asistir ao campamento. A presentación de solicitude farase por escrito. En caso contrario non procederá a devolución do importe.

ARTIGO 16.- INFORMACIÓN ADICIONAL

As bases para o campamento da presente convocatoria se atopan no taboleiro de anuncios do Concello de Taboadela e na páxina Web do Concello.

A hora de **entrada máxima será ata ás 10:00h.** e a hora de **saída realizaranse a partir das 13:30h.** para evitar interromper o desenvolvemento das actividades.

No caso de que **o comportamento dun neno/a afecte ao normal funcionamento da actividade, procederase a avisar a familia e a dar o/a neno/a de baixa.** Esta baixa do neno/a non dá dereito a devolución do importe pagado.

ARTIGO 17.- ORGANIZA

Concello de Taboadela

Concellería de Ocio, Xuventude e Tempo de lecer.

Teléfono de información: 988 439 315

Correo electrónico: concello.taboadela@eidolocal.es

A participación no campamento suporá o cumprimento e aceptación das presentes bases. O Concello de Taboadela resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar precisos para o correcto funcionamento do Campamento De Verán.

-DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

